

A QUIMERA DO OURO

[Charles Chaplin, 1925*]

35

ESTREA EN NUMAX: 24.07.2015 | V.O.S.E

FICHA TÉCNICA

The Gold Rush (1925, 72')

Dirección: Charles Chaplin

Guión: Charles Chaplin

Reparto: Charles Chaplin, Mack Swain, Georgia Hale, Tom Murray, Malcom Waite, Henry Bergman, Betty Morrisey

Montaxe: Charles Chaplin

Música: Charles Chaplin / Max Terr

Fotografía: Roland Totheroh

Produtora: United Artists

Distribuidora: Classic Films

Formato de proxección: DCP 2K, 1,33:1

FILMOGRAFÍA ESCOLLIDA

Candilejas, 1952

El gran dictador, 1940

Tiempos modernos, 1935

Luces de la ciudad, 1930

El circo, 1927

El chico, 1920

Vida de perro, 1918

SINOPSE

Durante a febre do ouro, os buscadores desafían o perigoso Paso de Chilkoot, Alaska, coa esperanza de facérense ricos nas montañas nevadas. Xusto cando Big Jim McKay descobre ouro, estoura unha treboada que leva un buscador solitario a refuxiarse nunha cabana. Non o sabe, pero a cabana está ocupada polo foraxido Black Larsen, que intenta guindar fóra o vagabundo. Fortes ventos, porén, arrastran o homiño de volta para dentro, e non tarda en aparecer tamén o Jim. Nos días seguintes, os tres homes conviven como poden, mentres a súa fame medra e o trebón non para de bruar.

«Se a achega —xeral e máis profunda— do Renacemento ás artes foi o redescubrimiento e valorización do home, na historia do cine esta misión correspondeulle a Chaplin.»

Carlos A. Cuéllar Alejandro,
UNIVERSITAT DE VALÈNCIA

*Versión sonora de 1942, con acompañamento musical e voz en off do propio Charles Chaplin



A QUIMERA DO OURO

[Charles Chaplin, 1925]

Un fenómeno histórico (a *Febre do ouro* á que alude o título orixinal do filme) e un suceso tráxico (un episodio de canibalismo ocorrido en 1949 na expedición Donner) serviron de inspiración para un filme no que no lugar da habitual integración de melodrama e comicidade, Chaplin prefere elaborar unha sabia mestura entre xénero cómico e cine épico no que o heroe o é precisamente pola súa humanidade, e non pola recorrente idealización do personaxe nos relatos épicos. E este heroe, dotado das virtudes e defectos de calquera persoa normal e corrente, pasa frío e fame, moita fame. A comida e as dificultades para obtela constituíu unha das constantes temáticas máis importantes na filmografía de Chaplin. A obsesión polo tema ten unha explicación biográfica, pois a infancia de Chaplin no East End londiniense foi o máis parecido que se poida imaxinar a unha novela de Charles Dickens. Chaplin coñeceu o que é pasar fame de verdade, sufriu a pobreza en carne propia, e esa experiencia marcouno para o resto da súa vida. Sen embargo, como todo bo artista, Chaplin soubo proxectar o trauma da fame a través da súa representación cinematográfica, o que confirma unha vez máis o poder catártico da creación artística. De feito, o tema da alimentación xerou algúns dos mellores gags da súa carreira cinematográfica, e *A quimera do ouro* contén algúns dos máis coñecidos.

Antolóxicos son os gags nos que Charlot é perseguido por un compañeiro famélico que, sufrindo unha perigosa alucinación, o ve como un polo xigante, e aquel outro no que Charlot e o seu compañeiro deciden cociñar e comer un dos seus zapatóns. Por outra banda, o celeberrimo baile dos panciños non foi unha achega orixinal de Chaplin (xa aparece no filme *The Cook*, dirixido en 1918 por Fatty Arbuckle) pero o fixo seu grazas ao xeito maxistral no que o interpretou. De novo a transposición cómica sitúase na base do gag, asociando garfos e panciños a pés e pernas dun diminuto bailarín de cabeza xigantesca (a do propio Chaplin) e, como moito despois afirmara Johnny Depp, a clave da súa eficacia reside non tanto no xogo de pernas (en realidade *xogo de mans* de Chaplin) como nos movementos do rostro e a dirección das miradas do actor. Non é de estrañar que os surrealistas gustasen do *slapstick*¹ e de Chaplin, pois este non fai senón aplicar inconscientemente o método paranoico crítico teorizado por Dalí: o artista surrealista, como o paranoico, descontextualiza os datos que lle ofrece o

seu entorno real e lles outorga un sentido novo, de acordo coa súa visión delirante.

A calidade do filme e o seu valor intemporal como representante do modelo clásico, permitiu a súa restrea en 1942, pero nunha versión lixeiramente modificada, pois Chaplin aproveitou a tecnoloxía vixente para distribuíla con pista de son óptico na que gravou música e efectos sonoros perfectamente sincronizados coa imaxe.

A quimera do ouro é unha das máis fermosas alegorías ofrecidas pola arte cinematográfica, o que non debería estrañarnos se temos en conta o curriculum do seu autor. Certo é que os temas que trata son universais, como foran no seu día William Shakespeare ou Akira Kurosawa, e é esa universalidade a que determina en boa parte a súa vivencia, pero ademais a crise actual que atravesamos fai que tanto a súa personaxe como as súas películas sexan tan actuais como a época na que foron estreadas. A sinxeleza e a falla de pretensións do filme (o menos pretensioso de Chaplin) favorece esa lectura alegórica da que cada cal pode extraer a lección que lle conveña.

¹ Donald Crafton sinala que o termo *slapstick*, que con tanta frecuencia se emprega para referirse ao cine cómico americano da década dos 10 e 20, se refire a unha larga vara formada por tellas unidas que producía un estalo cando se golpeaba por sorpresa a outro pallaso no circo, e subliña este carácter disxuntivo e sorprendente do gag e a orixe do xénero en espectáculos populares; connota á vez a sorpresa e a falla de integración lineal do xénero.

Fragmento de *El cine cómico de Hollywood en la década de los 20*. Charles Chaplin y Buster Keaton, de María Victoria Sánchez Martínez

MATERIAIS

NA LIBRARÍA NUMAX

La soledad era el único remedio. Charles Chaplin. Confluencias

La quimera del oro. Laurence Gillot e Oliver Balez. Combel

El placer de la mirada. François Truffaut. Paidós

Las películas de mi vida. François Truffaut. Cuenco de plata.

Chaplin. Keystone collection. [DVD]

Un cinema,
unha librería
e un laboratorio
de gráfica e vídeo

NUMAX

NUMAX, S. Coop. Galega
Concepción Arenal, 9 baixo
15702 Santiago de Compostela
TELF 981 560 250 | www.numax.org